

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONSORCIO UNIVERSITARIO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO BACHARELATO DE EXCELENCIA STEM (STEMbach) NO MARCO DA ESTRATEXIA EDUCACIÓN DIXITAL 2030.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Lugo o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, cun período de vixencia de catro anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e o Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Lugo para as accións a desenvolver dentro da regulación do bacharelato de excelencia STEM (STEMbach), e tamén, o recoñecemento do profesorado participante e alumnado matriculado no bacharelato de excelencia STEM (STEMbach).

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Lugo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



Que é de interese tanto para a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como para o Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Lugo traballar e crear programas, como STEMBach, aliñados coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) e a Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería. E así, impulsar á promoción do talento dixital, fomentando as vocacións científico-tecnolóxicas entre a mocidade; e con especial atención á redución da fenda de xénero, e así contribuír ao aumento da taxa de mulleres en carreiras técnicas. Seguindo así, as liñas marcadas no eixe 7. Economía Dixital e Sostible da Estratexia Galicia Dixital 2030, que a estratexia da Xunta para Galicia, que asegura o aliñamento, coordinación e complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas consellerías, institucións e organismos que conforman a Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa

